



CONCELLO DE MANZANEDA

Ronda da Cabarca nº 10. 32.781 MANZANEDA
Tfno.: 988 333043 Fax: 988 333048

E-Mail: concello.manzaneda.manzaneda@eidolocal.es www.concellodemanzaneda.gal

SEC 2017-4	CONCELLO DE MANZANEDA (OURENSE)
BOLSA DE EMPREGO 2017-18	
BOLSA DE EMPREGO	

TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO

Manzaneda 20 de Xullo de 2017

Pola presente poño no seu coñecemento que na data que figura no presente comunicación, pola Alcaldía dictouse a Resolución que se transcribe a continuación:

20 de Xullo de 2017
FELIX DOMINGUEZ CORTIÑAS
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MANZANEDA

Visto os escritos presentados no Rexistro deste concello no que presentan reclamacións ós resultados da baremación na vixente Bolsa de Emprego, fronte a Resolución da Alcaldía de data 31 de Maio de 2017, pola que se aprobou a Acta de valoración de determinados postos de traballo para a creación dunha bolsa de Emprego para substitucións no Concello de Manzaneda (BOP nº 84 de 11 de abril de 2017).

Á vista da reclamación presentada e do disposto na Base 8ª da Bolsa de Emprego.

Vista a Acta de Resolución dos recursos potestativos de reposición do Tribunal cualificador do proceso selectivo de data 14 de xullo de 2017.

Por medio da presente, en uso das atribucións que me confire a lexislación vixente, RESOLVO:

- 1.- Estimar as alegacións presentadas por Dª Mª Jesús Rodríguez Rodríguez e Dª Consuelo Rascado González co contido e polos motivos indicados na parte expositiva da acta do Tribunal.
- 2.- Desestimar íntegramente as alegacións presentadas polo resto das recorrentes fronte a valoración realizada polo Tribunal polos motivos indicados na parte expositiva da acta do Tribunal.
- 3.- Publicar no Taboleiro de Anuncio e páxina web deste concello e dar conta ó Pleno da Corporación na vindeira sesión que teña lugar.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

